

PROGRAMACIÓN

DEPARTAMENTO DE DEBUXO

I.E.S. P. PLURILINGUE DE AMES

CURSO 2021/22

ÍNDICE

1	INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN	Pax. 4
2	PREVISIÓN DO DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN PARA ESCENARIOS DE ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL, SEMIPRESENCIAL E/OU NON PRESENCIAL.	Pax. 6
	2.1 . Metodoloxía de traballo que se seguirá no caso de ensino a distancia.	
	2.2. Modo de proveer o dereito á educación ao alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática.	
	2.3. Mecanismos que o profesorado adoptará para asegurar o seguimento continuo do curso polo alumnado.	
3	CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE	Pax. 17
4	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA ÁREA E CONCRECIÓNS PARA CADA ESTÁNDAR .	Pax. 22
5	CONCRECIÓNS METODÓLOXICAS DA MATERIA.	Pax. 152
6	MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.	Pax. 153
7	CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.	Pax. 162
8	ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DE MATERIAS PENDENTES.	Pax. 177
9	ORGANIZACIÓN DE PROCEDEMENTOS PARA ACREDITAR COÑECEMENTOS PREVIOS.	Pax. 178
10	INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E PRÁCTICA DOCENTE.	Pax. 178
11	DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS.	Pax. 179
12	MEDIDAS DA ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E DIFICULTADES DERIVADAS DA FENDA DIXITAL.	Pax. 179
13	CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS EN CADA CURSO	Pax. 181

14	ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES DO DEPARTAMENTO	Pax. 191
15	MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA	Pax. 191
16	MEMBROS DO DEPARTAMENTO E REPARTO DE GRUPOS	Pax. 191

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

O concello de Ames, na provincia de A Coruña, atópase na comarca natural de Amaía limitado cos municipios de Santiago de Compostela, Teo, Brión, A Baña e Val do Dubra. Ten unha extensión de 94 km² sobre a que se distribúen as súas 116 entidades de poboación e 11 parroquias. Os dous núcleos de poboación principais son Bertamiráns e O Milladoiro, que concentran máis do 60% da poboación do concello.

As características urbanas actuais do concello son relativamente recentes e contrastan coa tradicional estrutura económica e demográfica dun concello rural como o foi Ames ata os anos 1990. A partir de entón, o concello vese afectado por un proceso de metropolización con orixe en Santiago de Compostela: a proximidade a esta cidade xunto co menor prezo do solo, fixo que Ames absorbese parte do crecemento da capital, que se dirixiu principalmente aos núcleos de Bertamiráns e O Milladoiro. A expansión do fenómeno urbano fai que as características deste se mesturen coas dun medio rural de baixas densidades e usos agro-gandeiros do solo.

A poboación

A situación de Ames na área urbana de Santiago de Compostela explica en grande medida o enorme crecemento de poboación desde a década dos 90, que pasa de apenas 10.000 hab. en 1991 a máis do triplo no 2015. Nos últimos anos, a taxa de crecemento diminúe pero segue a manter números positivos, que o sitúan como un dos municipios galegos máis dinámicos en termos demográficos. Polo que atinxe ao ámbito educativo, a presión do crecemento do alumnado obriga a un coñecemento profundo sobre o estado do sistema educativo coa finalidade de identificar as debilidades e necesidades, e planificar solución. E tamén fai que o noso edificio, previsto para 500 persoas se atope masificado con máis de 700.

Con respecto ao nivel académico dos pais e nais de Educación Primaria, predominan as ensinanzas universitarias que no caso das mulleres case acadan o 50% e no caso dos homes o 40%. Existe, polo tanto, un maior nivel académico por parte das nais, froito do incremento das mulleres na educación superior nas últimas décadas. En canto á Formación Profesional, a porcentaxe representada polos pais é sensiblemente maior á das nais cun 22,1% fronte un 16,52%.

No referido á Educación Secundaria, existe semellanza na porcentaxe representada se suman a primeira etapa e a segunda de Educación Secundaria, pero vemos como no caso das nais é máis habitual acadar o nivel máis alto, aínda que non se continúen cos estudos. Só un 12,19% no caso dos homes e un 9,13% no caso das mulleres remataron os seus estudos na Educación Primaria. Así pois, o nivel educativo dos pais e nais é relativamente alto, debido, en parte á chegada nos últimos anos de poboación nova vinculada a traballos cualificados na capital de Galicia.

A oferta educativa municipal de Ames contempla dúas escolas infantís (O Bosque e a Madalena); dúas escolas unitarias (A Igrexa e Covas); unha escola de educación infantil (EEI Milladoiro); tres centros educativos de infantil e primaria (CEIP Barouta, CEIP Agro do Muíño e CEIP A Maía); un centro educativo de primaria (CEP Ventín) e dous institutos de ensino secundario (IESP de Ames e o IES de Milladoiro.)

O IESP de Ames ten adscritos os seguintes centros: CEIP Barouta, CEIP Agro do Muíño e o CEIP a Maía.

O presente curso ven marcado pola pandemia mundial do Covid 19. O centro acata as medidas que a Xunta de Galicia decidiu, polo cal veremos moitos espazos específicos (aulas de música, tecnoloxía, espazo dmultiusos, salón de actos... que pasana ser aulas para manter a distancia obrigada, na última orde antes do comezo do curso, de 1'5 metros.

O noso departamento queda, debido aos protocolos para a prevención do Covid-19, sen unha das aulas materias coas que contábamos ata o comezo da pandemia (lembrems que vai 10 anos tiñamos 3 aulas específicas) e a carencia de grifos vai facer moi difícil a asignatura de Técnicas de expresión Gráfico- Plástica, e as partes do temario de EPV e A que requerían técnicas húmedas. Recuperaremos o aula da segunda planta, que ten habilitada a pizarra vileda como pantalla do proxector para facilitar as clases de debuxo técnico no bachelato.

Do mesmo xeito que o ano pasado, o despacho ligado ao que era o aula de Plástica da primeira planta, por ser o mais amplo fará simultaneamente de almacén e de Departamento, teremos acceso a él polo corredor e a fechadura que o comunica co aula estará sempre pechada, pola seguridade do material.

No referente ao departamento, é a primeira vez que somos tres profesores con plaza fixa e confiamos e que existe moi boa comunicación e en que traballaremos eficaz e consensuadamente.

Pregamos , cando o risco de contaxio permita unha redistribución mais normal do alumnado se nos devolvan as 2 aulas que tiñamos adxudicadas ata este curso para poder impartir todas as materias do departamento como se merecen.

Lembrems que as nosas materias son agora mais que nunca imprescindibles: non houbo ningunha xeración anterior á dos nosos alumnos e alumnas de hoxe que teñan consumido tantas imaxes e en tantas superficies diferentes (móviles, tv, consola, ordeador...). Por elo esta área ten que facer ao noso alumnado apto de asimilar e xerar contidos no entorno visual e plástico no que viven cunha actitude eficaz, reflexiva e crítica. E dotandoos de capacidades creativas e procedimentales diversas para ser capaces de expresarse gráfica, plástica e audiovisualmente.

A didáctica deste área partirá da apreciación do máis achegado ao máis afastado. Trátase ante todo de que o alumno/-a asimile o contorno visual e plástico no que vive, pero tamén de recoñecer as diferentes manifestacións artísticas, recoñecer referentes e saber empregarlos.

2. PREVISIÓN DO DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN PARA ESCENARIOS DE ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL, SEMIPRESENCIAL E/ OU NON PRESENCIAL.

Calquera aspecto desta programación, desde a secuenciación e temporalización de contidos e mínimos esixibles ata o uso de determinados materiais e técnicas artísticas, estará supeditado ás restriccións e condicionamentos que veñen impostos polas actuais circunstancias de saúde pública e o seu impacto nos espazos e métodos de traballo e no normal desenvolvemento do curso académico.

1º ESO

ESCENARIO 1: ENSINO PRESENCIAL

Tratemos de que todo o alumnado poda acadar os estándares de aprendizaxe que dicta a LOMCE e coa metodoloxía da materia que concretamos no apartado 8 da presente programación.

ESCENARIO 2: ENSINO SEMIPRESENCIAL APRENDIZAXES E CONTIDOS

Procuraríase seguir esta programación na medida do posible, con posibilidade de realizar as adaptacións necesarias debido á máis que probable ralentización do proceso educativo que se produciría e á probable dificultade de realizar convenientemente as explicacións e, sobre todo, as prácticas de determinadas técnicas e materiais.

METODOLOXÍA E RECURSOS EMPREGADOS

Traballaríase preferentemente sobre as tarefas propostas no Caderno de actividades de Educación Plástica e Audiovisual I de Editorial Donostiarra, ISBN: 978-84-7063-505-2.

Nas sesións presenciais con cada grupo presentaríanse os contidos, así como as técnicas e tarefas relacionadas, de maneira sintética e clara. Dentro do posible, os traballos prácticos e/ou avaliados sobre estes contidos e técnicas comezaríanse na aula para axudar a resolver dúbidas prácticas inmediatas. O alumnado aproveitaría o espazo de tempo ata a seguinte sesión presencial para rematar ou realizar os traballos propostos polo docente, que serán por regra xeral as fichas do Caderno de Actividades, e que incluírían sempre as indicacións para a súa

realización e os ítems de avaliación, todo elo da maneira máis clara e desglosada posible. O docente poderá porpoñer outro tipode tarefas aparte das incluídas no Caderno de Actividades cando considere que vai en beneficio do aprendizaxe do alumnado. Calquera material que o docente aporte fóra do marco destas sesión presenciais estará accesible na área correspondente á materia de *Educación plástica, visual e audiovisual* da Aula Virtual:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesames/aulavirtual/enrol/index.php?id=904>

Tamén se incorporaría á páxina de web do centro:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesames/>

As dúbidas do alumnado poderán resolverse ben nas sesión presenciais ou ben a través do Foro da Aula Virtual.

ESTRATEGIAS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Para a avaliación do alumnado no caso dunha educación semipresencial empregaranse os mesmos criterios e instrumentos de avaliación que na educación presencial. Os traballos propostos e rematados nos domicilios do alumnado, xeralmente do Caderno de Actividades, serían entregados en man na sesión presencial previamente fixada.

ESCENARIO 3: ENSINO NON PRESENCIAL

APRENDIZAXES E CONTIDOS

O docente seguiría a programación dentro do posible, sen prexuízo das posibles modificacións explicitadas no párrafo primeiro deste apartado. Valoraríase, por exemplo, a adaptación de certos contidos da programación ás restriccións impostas polas circunstancias. Esta adaptación podería suponer a redución e simplificación de contidos ou incluso a súa anulación no curso 2020-21. Este podería ser o caso do punto *B1.12. Materiais e técnicas de debuxo e pintura. Técnicas plásticas: secas, húmidas e mixtas* .

METODOLOXÍA E RECURSOS EMPREGADOS

O docente recurriría a tutoriais e material explicativo propio, así como ós arquivos, textos ou enlaces que considerase pertinentes e que viñese a completar o Caderno de Actividades. Este material explicativo estaría a disposición do alumnado na Aula Virtual:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesames/aulavirtual/enrol/index.php?id=904>

e na páxina web do centro:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesames/>

O alumnado podería realizar consultas ó docente no Foro da Aula Virtual. Puntualmente poderanse facer conexións de videoconferencia con todo o grupo, se acaso se considerasen productivas, a través de plataformas como Ciscowebex.

O docente desta materia non se responsabiliza de feitos alleos á súa competencia, como o feito de non atoparse algún alumno/a rexistrado/a como usuario da Aula Virtual ou ser negligente no acceso á mesma.

ESTRATEGIAS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Para a avaliación do alumnado no caso dunha educación non presencial empregaranse os mesmos criterios e instrumentos de avaliación que na educación presencial. Por regra xeral, o alumnado fará entrega dos traballos propostos polo docente, xeralmente do Caderno de Actividades, en forma de escaneado. Se isto non fose posible abondaría cunha fotografía dos mesmos, que poderá ser realizada co teléfono móbil asegurando un mínimo de calidade. As propostas destes traballos estarán disponibles na área da materia da Aula Virtual e na páxina web do centro, como xa se indicou anteriormente, incluíndo as indicacións claras para facelos, os ítems para a súa avaliación e a data de entrega.

3º ESO e 4º ESO

ESCENARIO 1: ENSINO PRESENCIAL

Tratemos de que todo o alumnado poda acadar os estándares de aprendizaxe que dicta a LOMCE e coa metodoloxía da materia que concretamos no apartado 8 da presente programación.

ESCENARIO 2: ENSINO SEMIPRESENCIAL

APRENDIZAXES E CONTIDOS

Procuraríase seguir esta programación na medida do posible, con posibilidade de realizar as adaptacións necesarias debido á máis que probable ralentización do proceso educativo que se produciría e á probable dificultade de realizar convenientemente as explicacións e, sobre todo, as prácticas de determinadas técnicas e materiais.

METODOLOXÍA E RECURSOS EMPREGADOS

Nas sesións presenciais con cada grupo presentaríanse os contidos, así como as técnicas e tarefas relacionadas, de maneira sintética e clara. Dentro do posible, os traballos prácticos e/ou avaliábeis sobre estes contidos e técnicas comezaríanse na aula para axudar a resolver dúbidas prácticas inmediatas. O alumnado aproveitaría o espazo de tempo ata a seguinte sesión presencial para rematar ou realizar os traballos propostos polo docente, que incluírían sempre as indicacións para a súa realización e os ítems de avaliación, todo elo da maneira máis clara e desglosada posible. Calquera material que o docente aporte fóra do marco destas sesións presenciais estará accesible na área correspondente á materia de *Educación plástica, visual e audiovisual* da Aula Virtual:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesames/aulavirtual/enrol/index.php?id=771>

Tamén se incorporaría á páxina de web do centro:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesames/>

As dúbidas do alumnado poderán resolverse ben nas sesións presenciais, a través do Foro da Aula Virtual ou a través de email.

ESTRATEGIAS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Para a avaliación do alumnado no caso dunha educación semipresencial empregaranse os mesmos criterios e instrumentos de avaliación que na educación presencial. Os traballos propostos e rematados nas casas serían entregados en man na sesión presencial previamente fixada.

ESCENARIO 3: ENSINO NON PRESENCIAL

APRENDIZAXES E CONTIDOS

O docente seguiría a programación dentro do posible, sen prexuízo das posibles modificacións explicitadas no párrafo primeiro deste apartado. Valoraríase, por exemplo, a adaptación de certos contidos da programación ás restricións impostas polas circunstancias. Esta adaptación podería suponer a redución e simplificación de contidos ou incluso a súa anulación no curso 2020-21.

METODOLOXÍA E RECURSOS EMPREGADOS

O docente recurriría a tutoriais e material explicativo propio, así como ós arquivos, textos ou enlaces que considerase pertinentes. Este material explicativo estaría a disposición do alumnado na Aula Virtual:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesames/aulavirtual/enrol/index.php?id=771>

e na páxina web do centro:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesames/>

O alumnado podería realizar consultas ó docente no Foro da Aula Virtual. Puntualmente poderanse facer conexións de videoconferencia con todo o grupo, se acaso se considerasen productivas, a través de plataformas como Ciscowebex.

O docente desta materia non se responsabiliza de feitos alleos á súa competencia, como o feito de non atoparse algún alumno/a rexistrado/a como usuario da Aula Virtual ou ser negligente no acceso á mesma.

ESTRATEGIAS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Para a avaliación do alumnado no caso dunha educación non presencial empregaranse os mesmos criterios e instrumentos de avaliación que na educación presencial. Por regra xeral, o alumnado fará entrega dos traballos propostos polo docente en forma de escaneado. Se isto non fose posible abondaría cunha fotografía dos mesmos que poderá ser realizada co teléfono móbil asegurando un mínimo de calidade. As propostas destes traballos estarán disponibles na área da materia da Aula Virtual e na páxina web do centro, como xa se indicou anteriormente, incluíndo as indicacións claras para facelos, os ítems para a súa avaliación e a data de entrega.

DEBUXO TÉCNICO I – 1ºBACH

Calquera aspecto desta programación, desde a secuenciación de contidos e mínimos esixibles ata o uso de determinados materiais e técnicas artísticas, estará supeditado ás restricións e condicionamentos que veñan impostos polas actuais circunstancias de saúde pública e o seu impacto nos espazos e métodos de traballo e no normal desenvolvemento do curso académico.

ESCENARIO 1: ENSINO PRESENCIAL

Tratemos de que todo o alumnado poda acadar os estándares de aprendizaxe que dicta a LOMCE e coa metodoloxía da materia que concretamos no apartado 8 da presente programación.

ESCENARIO 2: ENSINO SEMIPRESENCIAL

APRENDIZAXES E CONTIDOS

Procuraríase seguir esta programación na medida do posible, con posibilidade de realizar as adaptacións necesarias debido á máis que probable ralentización do proceso educativo que se produciría e á probable dificultade de realizar convenientemente as explicacións e, sobre todo, as prácticas de determinadas técnicas e materiais.

METODOLOXÍA E RECURSOS EMPREGADOS

Nas sesións presenciais con cada grupo presentaríanse os contidos, así como as técnicas e tarefas relacionadas, de maneira sintética e clara. Dentro do posible, os traballos prácticos e/ou avaliábeis sobre estes contidos e técnicas comezaríanse na aula para axudar a resolver dúbidas prácticas inmediatas. O alumnado aproveitaría o espazo de tempo ata a seguinte sesión presencial para rematar ou realizar os traballos propostos polo docente, que incluírían sempre as indicacións para a súa realización e os ítems de avaliación, todo elo da maneira máis clara e desglosada posible. Calquera material que o docente aporte fóra do marco destas sesións presenciais estará accesible na área correspondente á materia de *Debuxo Técnico I* da Aula Virtual:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesames/aulavirtual/enrol/index.php?id=915>

Tamén se incorporaría á páxina de web do centro:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesames/>

As dúbidas do alumnado poderán resolverse ben nas sesións presenciais ou ben a través do Foro da Aula Virtual.

ESTRATEGIAS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Para a avaliación do alumnado no caso dunha educación semipresencial empregaranse os mesmos criterios e instrumentos de avaliación que na educación presencial. Os traballos propostos e rematados nas casas serían entregados en man na sesión presencial previamente fixada.

Para a realización de probas empregaríanse as sesións presenciais.

ESCENARIO 3: ENSINO NON PRESENCIAL

APRENDIZAXES E CONTIDOS

O docente seguiría a programación dentro do posible, sen prexuízo das posibles modificacións explicitadas no párrafo primeiro deste apartado. Valoraríase, por exemplo, a adaptación de certos contidos da programación ás restricións impostas polas circunstancias. Esta adaptación

podería supoñer a redución e simplificación de contidos ou incluso a súa anulación no curso 2020-21 de aspectos do *Bloque 3: Normalización*, con moito menor impacto nas probas de acceso á Universidade (ABAU) e que, ademáis, poderían recuperarse para o 2º curso de Bach.

METODOLOXÍA E RECURSOS EMPREGADOS

O docente recurriría a tutoriais e material explicativo propio, así como ós arquivos, textos ou enlaces que considerase pertinentes. Este material explicativo estaría a disposición do alumnado na Aula Virtual:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesames/aulavirtual/enrol/index.php?id=915>

e na páxina web do centro:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesames/>

O alumnado podería realizar consultas ó docente no Foro da Aula Virtual. Puntualmente poderanse facer conexións de videoconferencia con todo o grupo, se acaso se considerasen productivas, a través de plataformas como Ciscowebex.

O docente desta materia non se responsabiliza de feitos alleos á súa competencia, como o feito de non atoparse algún alumno/a rexistrado/a como usuario da Aula Virtual ou ser negligente no acceso á mesma.

ESTRATEGIAS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Para a avaliación do alumnado no caso dunha educación non presencial empregaranse os mesmos criterios e instrumentos de avaliación que na educación presencial. Por regra xeral, o alumnado fará entrega dos traballos propostos polo docente en forma de escaneado. Se isto non fose posible abondaría cunha fotografía dos mesmos que poderá ser realizada co teléfono móbil asegurando un mínimo de calidade. As propostas destes traballos estarán disponibles na área da materia da Aula Virtual e na páxina web do centro, como xa se indicou anteriormente, incluíndo as indicacións claras para facelos, os ítems para a súa avaliación e a data de entrega. Para a realización de probas escolleríase un día e hora concretos e o tempo de realización da proba estaría limitado a unha franxa horario non superior ós 90 minutos apartir do envío por parte do profesor do cuestionario de preguntas. Poderase establecer un tempo engadido duns 10 minutos para que o alumnado poida imprimir o cuestionario.

DEBUXO TÉCNICO II – 2ºBACH

ESCENARIO 1: ENSINO PRESENCIAL

Tratemos de que todo o alumnado poda acadar os estándares de aprendizaxe que dicta a LOMCE e coa metodoloxía da materia que concretamos no apartado 8 da presente programación.

ESCENARIO 2: ENSINO SEMIPRESENCIAL

APRENDIZAXES E CONTIDOS

Procuraríase seguir esta programación na medida do posible, con posibilidade de realizar as adaptacións necesarias debido á máis que probable ralentización do proceso educativo que se produciría e á probable dificultade de realizar convenientemente as explicacións e, sobre todo, as prácticas de determinadas técnicas e materiais.

METODOLOXÍA E RECURSOS EMPREGADOS

Nas sesións presenciais con cada grupo presentaríanse os contidos, así como as técnicas e tarefas relacionadas, de maneira sintética e clara. Dentro do posible, os traballos prácticos e/ou avaliábeis sobre estes contidos e técnicas comezaríanse na aula para axudar a resolver dúbidas prácticas inmediatas. O alumnado aproveitaría o espazo de tempo ata a seguinte sesión presencial para rematar ou realizar os traballos propostos polo docente, que incluírían sempre as indicacións para a súa realización e os ítems de avaliación, todo elo da maneira máis clara e desglosada posible. Calquera material que o docente aporte fóra do marco destas sesións presenciais estará accesible na área correspondente á materia de *Debuxo Técnico II* da Aula Virtual:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesames/aulavirtual/enrol/index.php?id=972>

Tamén se incorporaría á páxina de web do centro:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesames/>

As dúbidas do alumnado poderán resolverse ben nas sesións presenciais ou ben a través do Foro da Aula Virtual.

ESTRATEGIAS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Para a avaliación do alumnado no caso dunha educación semipresencial empregaranse os mesmos criterios e instrumentos de avaliación que na educación presencial. Os traballos propostos e rematados nas casas serían entregados en man na sesión presencial previamente fixada. Para a realización de probas empregaríanse as sesións presenciais.

ESCENARIO 3: ENSINO NON PRESENCIAL

APRENDIZAXES E CONTIDOS

O docente seguiría a programación dentro do posible, sen prexuízo das posibles modificacións explicitadas no párrafo primeiro deste apartado. Valoraríase, por exemplo, a adaptación de certos contidos da programación ás restricións impostas polas circunstancias. Esta adaptación podería supoñer a redución e simplificación de contidos ou incluso a súa anulación no curso 2020-21 de aspectos do *Bloque 3: Documentación gráfica de proxectos*, con moito menor impacto nas probas de acceso á Universidade (ABAU).

METODOLOXÍA E RECURSOS EMPREGADOS

O docente recurriría a tutoriais e material explicativo propio, así como ós arquivos, textos ou enlaces que considerase pertinentes. Este material explicativo estaría a disposición do alumnado na Aula Virtual:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesames/aulavirtual/enrol/index.php?id=972>

e na páxina web do centro:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesames/>

O alumnado podería realizar consultas ó docente no Foro da Aula Virtual. Puntualmente poderanse facer conexións de videoconferencia con todo o grupo, se acaso se considerasen productivas, a través de plataformas como Ciscowebex.

O docente desta materia non se responsabiliza de feitos alleos á súa competencia, como o feito de non atoparse algún alumno/a rexistrado/a como usuario da Aula Virtual ou ser negligente no acceso á mesma.

ESTRATEGIAS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Para a avaliación do alumnado no caso dunha educación non presencial empregaranse os mesmos criterios e instrumentos de avaliación que na educación presencial. Por regra xeral, o alumnado fará entrega dos traballos propostos polo docente en forma de escaneado. Se isto non

fose posible abondaría cunha fotografía dos mesmos que poderá ser realizada co teléfono móvil asegurando un mínimo de calidade. As propostas destes traballos estarán disponibles na área da materia da Aula Virtual e na páxina web do centro, como xa se indicou anteriormente, incluíndo as indicacións claras para facelos, os ítems para a súa avaliación e a data de entrega. Para a realización de probas escolleríase un día e hora concretos e o tempo de realización da proba estaría limitado a unha franxa horario non superior ós 90 minutos apartir do envío por parte do profesor do cuestionario de preguntas. Poderase establecer un tempo engadido duns 10 minutos para que o alumnado poida imprimir o cuestionario.

DEBUXO ARTÍSTICO I (1º BACH) E DEBUXO ARTÍSTICO II (2ºBACH) E TÉCNICAS DE EXPRESIÓN GRÁFICO-PLÁSTICAS (2º BAC)

ESCENARIO 1: ENSINO PRESENCIAL

Tratemos de que todo o alumnado poda acadar os estándares de aprendizaxe que dicta a LOMCE e coa metodoloxía da materia que concretamos no apartado 8 da presente programación.

ESCENARIO 2: ENSINO SEMIPRESENCIAL

APRENDIZAXES E CONTIDOS

Procuraríase seguir esta programación na medida do posible, con posibilidade de realizar as adaptacións necesarias debido á máis que probable ralentización do proceso educativo que se produciría e á probable dificultade de realizar convenientemente as explicacións e, sobre todo, as prácticas de determinadas técnicas e materiais.

METODOLOXÍA E RECURSOS EMPREGADOS

Nas sesións presenciais con cada grupo presentaríanse os contidos, así como as técnicas e tarefas relacionadas, de maneira sintética e clara. Dentro do posible, os traballos prácticos e/ou avaliábeis sobre estes contidos e técnicas comezaríanse na aula para axudar a resolver dúbidas prácticas inmediatas. O alumnado aproveitaría o espazo de tempo ata a seguinte sesión presencial para rematar ou realizar os traballos propostos polo docente, que incluírían sempre as indicacións para a súa realización e os ítems de avaliación, todo elo da maneira máis clara e desglosada posible. Calquera material que o docente aporte fóra do marco destas sesións presenciais estará accesible na área correspondente á materia de *Debuxo Artístico II* da Aula Virtual:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesames/aulavirtual/enrol/index.php?id=979>

Tamén se incorporaría á páxina de web do centro:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesames/>

As dúbidas do alumnado poderán resolverse ben nas sesión pesenciais , a través do Foro da Aula Virtual ou por email.

ESTRATEGIAS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Para a avaliación do alumnado no caso dunha educación semipresencial empregaranse os mesmos criterios e instrumentos de avaliación que na educación presencial. Os traballos propostos e rematados nas casas serían entregados en man na sesión presencial previamente fixada.

ESCENARIO 3: ENSINO NON PRESENCIAL

APRENDIZAXES E CONTIDOS

O docente seguiría a programación dentro do posible, sen prexuízo das posibles modificacións explicitadas no párrafo primeiro deste apartado. Valoraríase, por exemplo, a adaptación de certos contidos da programación ás restriccións impostas polas circunstancias. Esta adaptación podería suponer a redución e simplificación de contidos ou incluso a súa anulación no curso 2020-21. Este podería ser o caso do punto *B5.2. Introducción ás técnicas húmidas e a súa aplicación no proceso creativo. Emprego das ferramentas TIC nos procesos creativos*, onde a impartición e a práctica de técnicas húmidas ou de aspectos técnicos das ferramentas TIC poderían no ser accesibles a partes do alumnado.

METODOLOXÍA E RECURSOS EMPREGADOS

O docente recurriría a tutoriais e material explicativo propio, así como ós arquivos, textos ou enlaces que considerase pertinentes. Este material explicativo estaría a disposición do alumnado na Aula Virtual:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesames/aulavirtual/enrol/index.php?id=979>

e na páxina web do centro:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesames/>

O alumnado podería realizar consultas ó docente no Foro da Aula Virtual. Puntualmente poderanse facer conexións de videoconferencia con todo o grupo, se acaso se considerasen productivas, a través de plataformas como Ciscowebex.

O docente desta materia non se responsabiliza de feitos alleos á súa competencia, como o feito de non atoparse algún alumno/a rexistrado/a como usuario da Aula Virtual ou ser negligente no acceso á mesma.

ESTRATEGIAS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Para a avaliación do alumnado no caso dunha educación non presencial empregaranse os mesmos criterios e instrumentos de avaliación que na educación presencial. Por regra xeral, o alumnado fará entrega dos traballos propostos polo docente en forma de escaneado. Se isto non fose posible abondaría cunha fotografía dos mesmos que poderá ser realizada co teléfono móbil asegurando un mínimo de calidade. As propostas destes traballos estarán disponibles na área da materia da Aula Virtual e na páxina web do centro, como xa se indicou anteriormente, incluíndo as indicacións claras para facelos, os ítems para a súa avaliación e a data de entrega.

3. CONTRIBUCIÓN DO AREA AO DESENVOLVIMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Descrición do modelo competencial.

Na descrición do modelo de competencia, incluímos un marco de descritores competenciais xa que supoñen unha reflexión e reconfiguración dos contidos dende un enfoque de aplicación que permita o entramento das mesmas. As competencias non se estudan, nin se ensinan, se entran. Para iso debemos xerar tarefas de aprendizaxe onde permitamos os alumnos a aplicación do coñecemento mediante metodoloxías de aula activas.

Abordar cada competencia de xeito global en cada unidade didáctica e inabarcable para iso cada unha se racha en indicadores, grandes pilares que permiten describirla dun xeito máis preciso. Podemos atopar entre 3 e 6 indicadores por competencia.

Cada indicador segue sendo aínda demasiado xeral polo que o rachamos no que chamamos descritores da competencia que “describen” o alumno competente neste ámbito. Por cada indicador atoparemos entre 3 y 6 descritores redactados en infinitivo.

En cada unidade didáctica concretaremos o descriptor en desempeños competenciais redactados en terceira persoa do presente de indicativo. O desempeño será o aspecto concreto da competencia que poderemos entrenar e avaliar de xeito explícito na unidade, será concreto y obxectivo e nos indica que debemos observar nas actividades deseñadas para o seu entramento.

Para o seu desenrolo partimos dun marco de descritores competenciais definido para o proxecto aplicable a toda asignatura e curso.

Respetando o tratamento específico nalgúns áreas, os elementos transversais, tales como, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional se traballaran dende tódalas áreas posibilitando e fomentando que o proceso de ensinanza – aprendizaxe dos alumnos sexa o máis completo posible.

Por outra parte, o desenvolvemento de valores presentes tamén en tódalas áreas axudará a que os nosos alumnos aprendan a desenvolverse dende uns determinados valores que constrúan unha sociedade ben consolidada na que todos podamos vivir.

A diversidade de alumnos cos seus estilos de aprendizaxe diferente, levará-nos a traballar dende as **diferentes potencialidades** que posúen, apoiándonos sempre nas súas fortalezas para poder dar resposta ás súas necesidades.

Na área de Educación Plástica, Visual e Audiovisual

Incidiremos no entrenamento de tódalas competencias de xeito sistemático, facendo fincape nos descritores máis afíns o área.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

A área de Educación Plástica, Visual e Audiovisual é unha oportunidade para utilizar o linguaxe simbólico, así como a profundización nos aspectos espaciais da realidade e a súa representación gráfica. Tamén se entran procedementos relacionados co método científico, como son a observación, a experimentación, o descubrimento, a reflexión e o análise.

Os descritores cos que fundamentalmente traballaremos serán:

- Interactuar co entorno natural de xeito respetuoso.
- Tomar conciencia dos cambios producidos polo home no entorno natural e as repercusións para a vida futura.
- Xerar criterios persoais sobre a visión social da estética do corpo humano fronte ó coidado saudable.
- Aplicar métodos científicos rigurosos para mellorar a comprensión da realidade e circundante en distintos ámbitos (biolóxico, xeolóxico, físico, químico, tecnolóxico, xeográfico, etc.).
- Coñecer e utilizar os elementos matemáticos básicos: operacións, magnitudes, porcentaxes, proporcións, formas xeométricas, criterios de medición e codificación numérica, etc.
- Organizar a información utilizando procedementos matemáticos.

Comunicación lingüística

Esta área contribue á adquisición da competencia lingüística na medida que favorece a comprensión e a expresión oral e escrita ó promover o coñecemento e a utilización do vocabulario específico referido á expresión artística e o explorar diferentes canles de comunicación.

Os descritores que priorizaremos serán:

- Comprender o sentido dos textos escritos y orais.
- Expresar oralmente con corrección, adecuación e coherencia.
- Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: turno de palabra e escoita atenta ó interlocutor.
- Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros nas diversas situacións comunicativas.

No caso de centros bilingües ou plurilingües que impartan a asignatura noutra lingua:

- Manter conversacións en outras linguas sobre temas cotidianos en distintos contextos.
- Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.

Competencia dixital

Dentro da área aparecen contidos que fan referencia ó entorno audiovisual emultimedia, dando especial importancia ó uso de ferramentas tecnolóxicas para a creación de producións audiovisuais.

Para iso, nesta área traballaremos os seguintes descritores da competencia:

- Emplear distintas fontes para a búsqueda de información.
- Seleccionar o uso das distintas fontes según a súa fiabilidade.
- Manexar, cando fose necesari, a edición dixital de imaxes fixas e de videos.
- Elaborar información propia derivada da obtida a través de medios tecnolóxicos.
- Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.

- Utilizar os distintos canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento e de proxectos de investigación individuais ou por equipos.
- Manexar o aula virtual, e a web do centro apra seguir coa formación non presencial se as circunstancias da pandemia do Covid 19 así o requiren.
- Aplicar criterios éticos e estéticos no uso das tecnoloxías.

Competencia de expresións culturais

A área de Educación Plástica, Visual e Audiovisual contribue, especialmente, a adquirir a competencia artística e cultural, xa que se pon o énfasis en ampliar o coñecemento dos diferentes códigos artísticos e na utilización das técnicas e dos recursos que lles son propios. O alumnado aprende a mirar, a ver, observar e percibir, e, dende o coñecemento do linguaxe visual, a apreciar os valores estéticos e culturais das producións artísticas. Por outra parte, se contribue a esta competencia cando se experimenta e investiga con diversidade de técnicas plásticas e visuais e se é capaz de expresar a través da imaxen.

Polo que nesta área traballaremos os seguintes descritores:

- Expresar mensaxes narrativos, poéticos, estéticos dende códigos artísticos.
- Ser capaz de crear debuxos e traballos plásticos ou visuais sobre soportes distintos e con ferramentas diversas.
- Apreciar a beleza das expresións artísticas e as manifestacións de creatividade e gusto pola estética no ámbito cotián.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

Competencias sociais e cívicas

Esta área e unha boa ferramenta para potencia a competencia social e cívica, na medida na que as producións artísticas se poidan plantexar como traballo en equipo, sendo unha oportunidade para fomentar a cooperación, o respecto, e a tolerancia, etc. Por outra parte, o fomento da creatividade na aula leva a valorar diversos enfoques e plantexamentos.

Para iso, entrenaremos os seguintes descritores::

- Aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto do instituto.
- Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.
- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa nos ámbitos establecidos.
- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Aprender a comportarse dende o coñecemento dos distintos valores.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Esta área colabora en gran medida coa adquisición do sentido de iniciativa e espírito emprendedor, xa que en todo proceso de creación hai que converter unha idea nun produto; e para iso se han de desenvolver estratexias de planificación, de previsión de recursos, de anticipación e de valoración de resultados. Este proceso sitúa ó alumnado ante un proceso que lle obriga a tomar decisións de xeito autónomo. Todo isto, xunto co espírito creativo, a obriga a tomar decisións de xeito autónomo, a experimentación, a investigación e a autocrítica, fomentan a iniciativa e o espírito emprendedor.

Os descritores que adestraremos son:

- Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias.
- Ser constante no traballo, superando as dificultades.
- Xestionar o traballo do grupo, coordinando tarefas e tempos.
- Priorizar a consecución de obxectivos grupais a intereses persoais.
- Mostrar iniciativa persoal para comezar ou promover accións novas.
- Xerar novas e diverxentes posibilidades dende coñecementos previos do tema.
- Configurar unha visión de futuro realista y ambiciosa.

- Encontrar posibilidades no entorno que outros non aprecian.
- Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxetivos.
- Comprometerse a completar a formación desde a casa se a pandemia do Covid 19 o fai obrigatorio.
- Asumir riscos no desenvolvemento das tarefas ou os proxectos.

Aprender a aprender

Esta materia contribuirá á competencia para aprender a aprender na medida en que favoreza a reflexión sobre os procesos e a propia experimentación creativa, xa que esta implica a toma de conciencia das propias capacidades e recursos, así como a aceptación dos propios erros como instrumento de mellora.

Os descritores que entrenaremos son:

- Xestionar os recursos e as motivacións persoais a favor do aprendizaxe.
- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
- Planificar os recursos necesarios e os pasos a realizar no proceso de aprendizaxe.
- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os seguintes en función dos resultados intermedios.
- Evaluar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.

4. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA ÁREA E CONCRECIÓNS PARA CADA ESTÁNDAR.

OBXECTIVOS PARA 1º ESO

- Representar imaxes tanto reais coma imaxinadas utilizando a linguaxe visual. (1º trimestre)

- Crear aproveitando a capacidade expresiva dos elementos que conforman a imaxe. (1º trimestre)
- Experimentar as posibilidades expresivas do trazo e do xesto.(1º trimestre)
- Apreciar a variedade de texturas e as súas posibilidades expresivas. (1º trimestre)
- Diferenciar entre contorno, silueta e forma, observando distintos tipos de formas. (1º trimestre)
- Entender a imaxe como representación máis ou menos obxectiva da realidade, distinguindo entre o figurativo e o abstracto. (1º trimestre)
- Descubrir a importancia da imaxinación e da creatividade para a actividade artística. (1º trimestre)
- Reflexionar e experimentar sobre os significados simbólicos e a potencia emocional da cor. (1º trimestre)
- Coñecer os fundamentos básicos da teoría da cor.(2º trimestre)
- Diferenciar entre mestura aditiva e sustractiva. (2º trimestre)
- Gammas de color. (2º trimestre)
- Experimentar as posibilidades expresivas da cor. (2º trimestre)
- Reflexionar e experimentar sobre os significados simbólicos e a potencia emocional da cor. (2º trimestre)
- Entender a imaxe como representación máis ou menos obxectiva da realidade, distinguindo entre o figurativo e o abstracto. (2º trimestre)
- Descubrir a importancia da imaxinación e da creatividade para a actividade artística.
- Establecer relacións e representar de xeito simbólico con formas xeométricas. (2º trimestre)

- Plasmar graficamente e de xeito estruturado pensamentos e ideas. (2º trimestre)
- Recoñecer a xeometría en estruturas e redes da natureza e da arte. (3º trimestre)
- Utilizar instrumentos de debuxo técnico e recoñecer a necesidade da normalización. (3º trimestre)
- Coñecer elementos e entender conceptos básicos da xeometría plana. (3º trimestre)
- Recoñecer e construír figuras xeométricas planas. (3º trimestre)
- Recoñecer nos símbolos culturais patróns xeométricos.(3º trimestre)
- Crear composicións con formas xeométricas planas.(3º trimestre)
- Establecer relacións e representar de xeito simbólico con formas xeométricas.(3º trimestre)
 - Plasmar graficamente e de xeito estruturado pensamentos e ideas.(3º trimestre)
 - Recoñecer a xeometría en estruturas e redes da natureza e da arte. (3º trimestre)
 - Utilizar instrumentos de debuxo técnico e recoñecer a necesidade da normalización. (3º trimestre)
 - Coñecer movementos das formas no plano: translación, rotación, simetría. (3º trimestre)
- Trazar enlaces e tanxencias. (3º trimestre)
- Recoñecer nos símbolos culturais patróns xeométricos. (3º trimestre)
- Crear composicións con formas xeométricas planas. (3º trimestre)

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Os instrumentos de avalaición que usaremos son os seguintes:

PO Proba oral

PE Proba escrita

TI Traballo individual

TG Traballo en grupo

OA Observación na aula e debate

F Foto dixital

V Vídeo dixital

PM Presentación multimedia

Cada tema terá primeiramente unha presentación maxistral dos contidos fundamentais, ilustrada con imaxes ,sempre que o novo aula asignada o permita, (proxectadas co cañón, con libros de consulta, etc) e posteriormente polo menos un exercicio no que se apliquen os contidos do tema.

Na proposta dos exercicios haberá unha explicación previa sobre o que se vai valorar (criterios de corrección) en cada traballo. Nesta explicación deberá especificarse: como hai que realizar o traballo de xeito óptimo, ensinar exemplos gráficos que sirvan para ilustralo, fixar unha data de entrega concreta, explicar a sanción en caso de falta de puntualidade, e explicar para cada exercicio cales son os criterios de cualificación. Por exemplo unha ilustración feita como traballo de composición vai valorar distintas cousas que un de cor, ou de técnicas... Estes criterios dáselle por escrito e están sempre á súa disposición para consultarlos.

Cada profesor decidirá se emprega ou non probas escritas. En calquera caso a nota do trimestre tamén inclúe o traballo desenrollado no aula.

Para recuperar os traballos pendentes lévase a cabo unha corrección gráfica e/ou escrita dos exercicios, devólvese ao alumando, acláranse dudas e dáselle opción a repetilo na casa. No caso de que o traballo sexa realizado de xeito óptimo, o traballo suspenso queda inmediatamente recuperado e a nota é a media entre o traballo erróneo e o correcto.

Ademais dáselle opción aos alumnos que queiran mellorar as súas cualificacións aínda que teñan os traballos aprobados 1 ou varios exercicios voluntarios ao longo do trimestre. A nota destes exercicios voluntarios divídese entre 2 e súmase ao resto das cualificacións do trimestre antes de facer as medias.

1º ESO

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 1º curso							
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporalización	Grao mínimo de consecución dos estándares	Procedementos e instrumentos de avaliación
Bloque 1. Expresión plástica							
▪ b	▪ B1.1. Elementos	▪ B1.1. Identificar os	▪ EPVAB1.1.1. Identifi-	▪ CCEC	▪ 1 sesión 50	▪ 5%	▪ OA

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 1º curso							
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporalización	Grao mínimo de consecución dos estándares	Procedementos e instrumentos de avaliación
<ul style="list-style-type: none"> ▪ f ▪ n 	<p>configurativos da imaxe: punto, liña e plano.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Aprecio do uso que os/as artistas fan do punto, a liña e o plano para aplicalo ás propias composicións. 	<p>elementos configuradores da imaxe.</p>	<p>ca e valora a importancia do punto, a liña e o plano, analizando de xeito oral e escrito imaxes e producións gráfico plásticas propias e alleas.</p>		<p>min.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ 1º trimestre. 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ f ▪ n 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. O punto como o elemento máis sinxelo na comunicación visual. ▪ B1.4. Posibilidades gráficas e expresivas da liña en relación ao seu trazo, o seu grosor ou a súa velocidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Experimentar coas variacións formais do punto, o plano e a liña. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB1.2.1. Analiza os ritmos lineais mediante a observación de elementos orgánicos na paisaxe, nos obxectos e en composicións artísticas, empregándoos como inspiración en creacións gráfico-plásticas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1 sesión 50 min. ▪ 1º trimestre. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 20% 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ TI

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 1º curso							
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporalización	Grao mínimo de consecución dos estándares	Procedementos e instrumentos de avaliación
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Calidades do plano como elemento compositivo e como construtor de volume. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB1.2.2. Experimenta co punto, a liña e o plano co concepto de ritmo, aplicándoos de forma libre e espontánea. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 3 sesións 50 min. ▪ 1º trimestre. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 20% 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ TI
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB1.2.3. Experimenta co valor expresivo da liña e o punto e as súas posibilidades tonais, aplicando distintos graos de dureza, distintas posicións do lapis de grafito ou de cor (tombado ou vertical) e a presión exercida na aplicación, en composicións a man alzada, 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 2 sesións 50 min. ▪ 1º trimestre. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 20% 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ TI

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 1º curso							
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporalización	Grao mínimo de consecución dos estándares	Procedementos e instrumentos de avaliación
			estruturadas xeometricamente ou máis libres e espontáneas.				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ n ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.6. Elementos de expresión plástica: liña, textura e cor. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Expresar emocións utilizando distintos elementos configurativos e recursos gráficos: liña, puntos, cores, texturas, claroscuras, etc. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB1.3.1. Realiza composicións que transmiten emocións básicas (calma, violencia, liberdade, opresión, alegría, tristura, etc.) utilizando diversos recursos gráficos en cada caso (claroscuro, liñas, puntos, texturas, cores, etc.). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 3 sesións 50 min. ▪ 1º trimestre. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 20% 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ TI
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ f ▪ n 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.7. Composición: elementos. ▪ B1.8. O ritmo na 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Identificar e aplicar os conceptos de equilibrio, pro- 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB1.4.1. Analiza, identifica e explica oralmente, por escrito e graficamente, o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 2 sesións 50 min. ▪ 1º trimestre. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 5% 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ OA

